

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DA
"FUNDACIÓN MUSEO ETNOGRÁFICO MONTE CAXADO"**

Na vila de As Pontes de García Rodríguez, provincia de A Coruña; o día 1 do mes de decembro do ano 2014, reúnense:

- D. José María López Ferro, maior de idade, con DNI 32609504-N e domicilio en Os Loureiros, s/n, As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), CP 15320 e nacionalidade española.
- D^a. Pilar Fernández Formoso, maior de idade, con DNI 32625121-N e domicilio en Os Loureiros, s/n, As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), CP 15320 e nacionalidade española.
- D. Juan José Fernández Formoso, maior de idade, con DNI 32640375-V e domicilio en Avda. de Vilalba, nº 2 – 5º, As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), CP 15320 e nacionalidade española.
- D^a. Rosalía López Fernández, maior de idade, con DNI 32690655-L e domicilio en Os Loureiros, s/n, As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), CP 15320 e nacionalidade española.

Os comparecentes afirman:

- a) Que resolveron constituir unha entidade de ben público, baixo a forma de fundación, para realizar unha obra de interese xeral destinada á difusión, divulgación, estudo, investigación, promoción e publicación en tódalas súas manifestacións da cultura popular galega e en particular das que se derivan da actividade que realiza o Museo Etnográfico Monte Caxado.
- b) A sede social estará ubicada na vila de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), Praza da Igrexa, nº 17.
- c) O patrono da Fundación D. José María López Ferro, aporta como dotación para esta Fundación unha vivenda unifamiliar urbana construída sobre unha parcela de 77 m², con referencia catastral nº 3012002NJ9121S0001AU e cunha antigüidade de 155 anos (data de construción: 1860), situada na Rúa Real, nº 26, do concello de As Pontes de García Rodríguez, valorada en 35.031,16 €.
- d) A Fundación xestionará a colección etnográfica procedente do CPI Monte Caxado, que se describe no anexo ao presente documento, e que aporta Don José María López Ferro, quen á súa vez a recibiu de dito centro educativo a través de documentos de cesión con datas 27/05/2014 e 30/06/2014 (claustro e consello escolar respectivamente).

11/2014



e) A Fundación constitúese «FUNDACIÓN MUSEO ETNOGRÁFICO MONTE CAXADO», quedando constituído o Padroado da mesma do seguinte xeito:

Presidente: Sr. D. José María López Ferro
Secretario: Sr. D. Juan José Fernández Formoso
Tesoureira: Sra. D^a. Pilar Fernández Formoso
Vocal: Sra. D^a Rosalía López Fernández

4- Ademais contará con tres PATRONOS HONORÍFICOS, que terán voz, pero non voto. O primeiro recaerá na persoa que en cada lexislatura desempeñe o cargo de Alcalde/Alcaldesa do Concello de As Pontes de García Rodríguez, o segundo recaerá na persoa que en cada momento desempeñe o cargo de Director/a do CPI Monte Caxado das Pontes, e o terceiro na persoa que en cada momento desempeñe o cargo de Presidente/a da Asociación de Desenvolvemento Rural EuroEume.

O primeiro Patrono Honorífico recae na persoa de D. Valentín González Formoso, con DNI 76412581-A, en calidade de Alcalde do Concello de As Pontes.

O segundo Patrono Honorífico recae na persoa de D. Juan José Bermúdez Fresco, con DNI 32597243-X, en calidade de Director do CPI Monte Caxado.

O terceiro Patrono Honorífico recae na persoa de D. José Castro Romero, con DNI 76394347-P, en calidade de Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural EuroEume.

Seguidamente, os fundadores proceden á lectura e aprobación dos estatutos, redactados a continuación, asinando todos os nomeados ao pé da presente acta constitutiva.

SINATURAS FUNDADORES E PADROADO

José María López Ferro
Juan José Fernández Formoso
Pilar Fernández Formoso
Rosalía López Fernández

ESTATUTOS DA
"FUNDACIÓN MUSEO ETNOGRÁFICO MONTE CAXADO"

TÍTULO PRIMEIRO
DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Denominación e natureza

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, coa denominación de FUNDACIÓN MUSEO ETNOGRÁFICO MONTE CAXADO, constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se establecen nestes estatutos.

Artigo 2. Domicilio e ámbito de actuación

O domicilio da Fundación radicará no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia Municipio de As Pontes de García Rodríguez na Praza da Igrexa, número 17 da Provincia da Coruña, C.P. 15320.

O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con posterior comunicación ao Protectorado e inscrición no Rexistro de Fundacións.

A Fundación desenvolverá as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Fundación poderá crear delegacións en territorio distinto ao do seu ámbito de actuación, así como establecer relacións instrumentais con terceiros en calquera ámbito territorial.

Artigo 3. Personalidade e capacidade

A Fundación terá personalidade xurídica dende a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, que lle atribúe plena capacidade xurídica e de obrar, e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 4. Duración

A Fundación constitúese por tempo indefinido. Porén, se nalgún momento os fins propios da Fundación se considerasen incumpridos, ou for imposible a súa realización, o Padroado poderá acordar a extinción, de conformidade co disposto na lexislación vixente e nestes estatutos.



Artigo 5. Réxime normativo

A Fundación rexeráse pola vontade do fundador expresada nestes estatutos, polas disposicións que en interpretación e desenvolvemento deles estableza o Padroado e, en todo caso, pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego; polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e polas demais normas que as desenvolvan ou substitúan.

Asemade, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenádego, e polo Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenádego, así como pola restante normativa que sexa de aplicación.

TÍTULO SEGUNDO

OBXECTO DA FUNDACIÓN

Artigo 6. Fins

A Fundación ten por obxectivo principal o de crear un Museo Etnográfico que recolla o patrimonio etnográfico de Galicia e máis concretamente da bisbarra do Eume, especialmente do concello de As Pontes de García Rodríguez.

Son fins desta Fundación:

6.1.- A investigación, estudo, difusión, conservación, defensa e promoción do patrimonio cultural galego en tódalas súas manifestacións e máis concretamente do patrimonio etnográfico da bisbarra do Eume, especialmente do concello de As Pontes de García Rodríguez.

6.2.- O fomento do coñecemento da colección etnográfica do Museo Etnográfico Monte Caxado.

6.3.- A promoción dos valores culturais presentes no patrimonio etnográfico da bisbarra do Eume, especialmente no do concello de As Pontes de García Rodríguez, a través de todo tipo de actividades e eventos de carácter social e cultural.

6.4.- A xeración de vencellos de traballo entre entidades e institucións con semellantes fins, e máis concretamente que centren a súa actividade entorno ao patrimonio cultural etnográfico de Galicia.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, públicos ou privados, institucións e persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

Artigo 7. Actividades fundacionais

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- 7.1.- Organización de conferencias, exposicións, seminarios, cursiños, talleres, visitas guiadas e outros actos divulgativos relacionados cos seus fins.
- 7.2.- Establecemento de comisións e grupos de traballo para a realización de estudos, investigacións, proxectos e outras actividades relacionadas co exercicio das súas funcións.
- 7.3.- Edición de publicacións en calquera soporte sobre temas relacionados cos seus fins.
- 7.4.- Promoción da doazón de fondos para a súa cesión á Fundación.
- 7.5.- Fomento das relacións de colaboración con institucións públicas e privadas e outras asociacións, que permitan o mellor cumprimento dos fins da Fundación.
- 7.6.- Organización de calquera outra actividade sociocultural que o Padroado considere axeitada para o cumprimento dos fins da Fundación.

A Fundación poderá realizar actividades económicas que teñan por obxecto o cumprimento dos fins fundacionais, ou sexan complementarias ou accesorias das anteriores, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

Artigo 8. Liberdade de actuación

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, ao xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan máis axeitados ou convintes en cada momento.

TÍTULO TERCEIRO

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINES FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

Artigo 9. Destino das rendas e ingresos

A Fundación destinará o patrimonio e as súas rendas ao cumprimento dos fins fundacionais.

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, e o resto deberase destinar a incrementar a dotación fundacional ou a reservas, segundo acordo adoptado polo Padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación, nin as gañancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sempre que se reinviden en bens dotacionais.

[Handwritten signature]
32609504-N

[Handwritten signature]
3262521-N

[Handwritten signature]
32690655-L



O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtiveron e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio

Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

Artigo 10. Publicidade das actividades

O Padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da Fundación, a través de páxina web, nos termos sinalados no artigo 27 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, para que sexan coñecidos polos eventuais beneficiarios e demais interesados.

Artigo 11. Beneficiarios

Serán beneficiarios da Fundación todas aquelas persoas que por méritos ou polo seu apoio moral ou económico sexan consideradas en tal carácter polo Consello de Administración.

A determinación dos beneficiarios será efectuada polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

A elección dos beneficiarios efectuarase polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación entre as persoas que reúnan as seguintes circunstancias:

- Formar parte do sector de poboación atendido pola Fundación.
- Demandar a prestación ou servizo que a Fundación poida ofrecer.
- Carecer de medios axeitados para obter os mesmos beneficios que os prestados pola Fundación.
- Que cumpran os requisitos específicos que, complementariamente, poida acordar o Padroado para cada convocatoria.

TÍTULO CUARTO

ÓRGANOS DA FUNDACIÓN: ÓRGANOS DE GOBERNO E ÓRGANOS DE XESTIÓN

I - ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 12. O Padroado

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nestes estatutos.

Corresponde ao Padroado o cumprimento dos fins fundacionais e a administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo o seu rendemento e utilidade.

11/11/14
32609504

32640375V

32625171-N
32690655L

Artigo 13. Carácter gratuito do cargo de patrón

Os patróns exercerán o seu cargo gratuitamente, sen prexuízo do dereito a que se lles reembolsen os gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione.

Artigo 14. Composición

O Padroado estará composto por un mínimo de 4 persoas que adoptarán os seus acordos por maioría, nos termos establecidos nos presentes Estatutos. Ademais de tres membros honoríficos que terán voz pero non voto e que recaerán nas persoas do Alcalde do Concello de As Pontes que estea na Alcaldía en cada lexislatura, do Director/a. do CPI Monte Caxado que ocupe o cargo en cada momento e de quen así o faga na Presidencia da Asociación de Desenvolvemento Rural Euroeume.

Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos nin se atopen incursas en causa de incompatibilidade.

As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado e deberán designar a persoa física que as represente.

Os patróns que sexan persoas físicas deberán exercer o seu cargo persoalmente; non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón designado por el.

Artigo 15. Regras para a designación e substitución dos seus membros

1. A designación dos membros integrantes do primeiro Padroado farase polos fundadores e constará na escritura de constitución.

2. A designación de novos membros farase polo Padroado que figure inscrito no correspondente Rexistro de Fundacións e por acordo da maioría dos seus membros.

3. Os patróns haberán de aceptar os seus cargos na forma prevista na lexislación vixente e a súa aceptación notificarase formalmente ao Protectorado e inscribirse no Rexistro de Fundacións.

4. O nomeamento dos patróns terá unha duración de 6 anos.

Os patróns desempeñarán as súas funcións por períodos de 6 anos, renovarase por metades cada 3 anos e poderán ser reelixidos.

O primeiro Padroado renovarase aos 3 anos na metade dos seus membros elixidos por sorteo.

O Padroado, dentro do último mes do período do mandato vixente, procederá á designación dos novos membros.

[Handwritten signature]
32609504-N

[Handwritten signature]
32640375-V

[Handwritten signature]
32690655-L



11/2014

ce / m. Lopez Tano
32609504-N

Artigo 16. Aceptación dos membros do Padroado e inscrición no rexistro

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións logo de aceptaren expresamente o seu cargo. Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o Padroado, e acreditarase mediante certificación expedida polo secretario co visto e prace do presidente.

A designación dos membros do Padroado e os seus cargos e a correspondente aceptación serán notificadas polo Padroado ao Protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 17. Organización do Padroado

O Padroado designará de entre os seus membros un presidente e un vicepresidente, de ser o caso.

Así mesmo, o Padroado designará un secretario, cargo que poderá recaer en persoa allea ao Padroado; neste caso terá voz pero non voto.

Artigo 18. O presidente

Ao presidente correspóndelle exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; acordar a convocatoria das reunións do Padroado; fixar a orde do día; presidir as reunións; dirixir e moderar os debates; someter a votación os acordos e, de ser o caso, dispoñer a execución dos acordos adoptados, para o cal poderá realizar toda clase de actos e asinar os documentos que sexan necesarios para tal fin.

O presidente dispón de voto de calidade para resolver os empates que se poidan producir nas votacións das reunións do Padroado.

Artigo 19. O vicepresidente

Corresponderalle ao vicepresidente realizar as funcións do presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Tamén poderá actuar en representación da Fundación naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.

Artigo 20. O secretario

Son funcións do secretario:

- Efectuar a convocatoria das reunións do Padroado por orde da presidencia e realizar as correspondentes citacións aos membros do Padroado.
- Asistir ás reunións do Padroado, con voz e voto se forma parte do Padroado, ou só con voz en caso contrario.
- Custodiar a documentación da Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado e transcribilas ao correspondente libro de actas.
- Expedir as certificacións co visto e prace da presidencia, en relación cos acordos adoptados polo Padroado.
- Calquera outra inherente á súa condición de secretario, e aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

Manolo
32640355-N

Manolo
32690655-L

Manolo
32625121-N

Foro de As Pontes - Forno
32607504-A

Nos supostos de vacante, ausencia, imposibilidade ou enfermidade, o secretario será substituído polo vocal máis novo do Padroado.

Artigo 21. Patrono Honorífico

A Fundación contará con tres Patronos Honoríficos que terán voz pero non voto, nin poderán intervir activamente na política de goberno, xestión ou dirección da entidade.

Será Patrono/a Honorífico/a o/a que sexa titular en cada lexislatura da Alcaldía do Concello de As Pontes, sendo este cargo exclusivamente de unión entre a Fundación e o Concello, en base ao mellor cumprimento dos fins da Fundación, a mellor relación con outras entidades culturais e a difusión das actividades realizadas pola Fundación.

Do mesmo xeito será Patrono/a Honorífico/a o/a que sexa titular en cada momento da Dirección do CPI Monte Caxado de As Pontes.

Asemade será Patrono/a Honorífico/a o/a que sexa titular en cada momento da Presidencia da Asociación de Desenvolvemento Rural Euroeume.

Asociación de Desenvolvemento Rural Euroeume
32640375-V

Artigo 22. Facultades do Padroado

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se é o caso, as preceptivas autorizacións ao Protectorado, a título enunciativo, serán facultades do Padroado:

- a) Exercer o goberno, a representación, a inspección, a vixilancia e a orientación da Fundación.
- b) Interpretar e desenvolver os presentes estatutos e, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e a mellor consecución dos seus fins.
- c) Fixar as liñas xerais de funcionamento da entidade e de distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as actividades da Fundación.
- d) Acordar a apertura e o peche dos seus centros, oficinas e delegacións
- e) Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes e revogalos.
- f) Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao Protectorado.
- g) Delegar as súas facultades nun ou máis patróns.
- A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.

Heredade
32690655-L

32625121-N

11/2014



- A modificación dos estatutos.
- O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
- Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do Protectorado.

Artigo 22. Obrigas e dereitos dos membros do Padroado

Na súa actuación, o Padroado deberase axustar ao establecido na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes estatutos.

Son obrigas dos membros do Padroado:

- Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- Asistir ás reunións do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que se adopten nelas.
- Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Son dereitos dos membros do Padroado:

- Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás reunións dos órganos de que formen parte.
- Exercer o dereito de voto.
- Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

Artigo 23. Responsabilidades dos patróns

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia con que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

Artigo 24. Cesamento e suspensión dos membros do Padroado

O cesamento e suspensión dos membros do Padroado producirase nos supostos previstos no artigo 24 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e ademais polas seguintes causas:

32609504-N
32640375 N
32625121-N
32690655 L

A renuncia ao cargo de patrón poderá facerse por calquera dos medios e cos trámites previstos para a aceptación e deberá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.

O cesamento e a suspensión dos membros do Padroado comunicaráse ao Protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións.

Artigo 25. Reunións do Padroado

O Padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación. Corresponde ao presidente ordenar a convocatoria das reunións, por propia iniciativa ou por petición das dúas terceiras partes dos membros do Padroado.

A convocatoria expresará a orde do día, así como o lugar, a data e a hora da reunión. Cursarase por escrito e farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de anticipación á data da súa celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción.

Non será precisa convocatoria previa cando, estando presentes todos os patróns, acorden por unanimidade a celebración da reunión e a correspondente orde do día.

Artigo 26. Formas de deliberar e adoptar acordos

1. O Padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación. Corresponde ao Presidente convocar as reunións do mesmo, ben a iniciativa propia, ben cando o solicite, polo menos, un terzo dos seus membros.

A convocatoria farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con cinco días de antelación á data da súa celebración, utilizando un medio que permita deixar constancia da súa recepción. Na mesma indicarase o lugar, día e hora de celebración da reunión así como a orde do día.

Non será preciso convocatoria previa cando se atopen presentes todos os patróns e acorden por unanimidade a celebración da reunión.

2. O Padroado quedará válidamente constituído cando concorran polo menos a metade máis un dos seus membros.

3. Os acordos adoptaranse por maioría de votos, excepto cando os Estatutos ou a lexislación vixente establezan maiorías cualificadas.

4. Das reunións do Padroado levantarase polo Secretario a correspondente acta, que deberá ser sometida á aprobación de todos os membros presentes nas mesmas. Esta se transcribirá ao correspondente libro e será asinada polo Secretario co visto e prace do Presidente.

5. O cargo de patrón que recaia en persoa física deberá exercerse persoalmente. Non entanto, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón por el designado. Esta actuación será

11/2014



sempre para actos concretos e deberá axustarse ás instrucións que, no seu caso, o representado formule por escrito.

II - ÓRGANOS DE ASESORAMENTO E XESTIÓN

Artigo 27. Consellos asesores

O Padroado poderá crear consellos asesores e comisións de estudo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación, modificación e supresión destes órganos, así como a súa composición, deberán ser notificadas ao protectorado e inscritas no Rexistro de Fundacións.

Artigo 28. Xerente

O Padroado poderá acordar a contratación dun director/xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación. A súa designación e cesamento deben ser notificados ao Protectorado e inscritos no Rexistro de Fundacións.

TÍTULO QUINTO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29. Patrimonio fundacional

O patrimonio da Fundación está integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquiera a Fundación con posterioridade á súa constitución, tanto se se afectan á dotación como se non.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O Padroado promoverá, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

Artigo 30. Adscrición do patrimonio fundacional

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nos estatutos.

Artigo 31. Finanzamento

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, se for o caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións, doazóns, herdanzas ou legados que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios sempre que isto:

- a) Non desvirtúe o interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- b) Non sexa contrario á vontade fundacional.
- c) Non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerese dacordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

Artigo 32. Plan de actuación

O Padroado aprobará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, xunto coa previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa do mesmo. O dito plan será depositado no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 33. Contas anuais

A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade que permita o seguimento cronolóxico das actuacións realizadas. Para iso, contará cun libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.

As contas anuais comprenden o balance, a conta de resultados e unha memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser elaborados seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

As contas anuais serán formuladas polo órgano de goberno da entidade, o cal responderá da súa veracidade. Deberán ser aprobadas polo Padroado no prazo de seis meses desde o peche do exercicio económico e presentaranse ante o Protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes ao da súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Nos casos en que as contas anuais se sometan a auditoría, serán formuladas dentro dos tres (3) primeiros meses seguintes ao día do peche do exercicio. Neste caso presentarase, xunto coa documentación contable, o informe de auditoría correspondente.

Artigo 34. Exercicio económico

O exercicio económico da Fundación coincidirá co ano natural

for / An = Libro Fome
32609504-N

40000000
32640375-N

32625121-N

32690655-L

11/2014



TÍTULO SEXTO DA MODIFICACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN OU EXTINCIÓN

Artigo 35. Modificación de estatutos

Por acordo do Padroado poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente.

Procederase á dita modificación cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación teñan variado de tal maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.

Artigo 36. Fusión e/ou escisión

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados. Igualmente, o Padroado poderá aprobar a escisión de parte da Fundación nos termos e cos requisitos legalmente establecidos.

Artigo 37. Extinción da Fundación

A Fundación extinguirase polas causas legal e estatutariamente establecidas e de acordo cos procedementos previstos na normativa vixente.

Artigo 38. Liquidación e adxudicación

A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo Padroado baixo o control do Protectorado.

Corresponderá ao Padroado designar as persoas ou entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Se non existise previsión do fundador nin facultade do padroado, corresponderá ao Protectorado destinar os bens e dereitos resultantes da liquidación ás fundacións ou ás entidades non lucrativas, privadas ou públicas, que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto de disolución, á consecución daqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenádego, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral.

Artigo 39. Adopción dos acordos e comunicación e inscrición no Rexistro

Para a adopción de acordos de modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación será necesario o voto favorable da maioría dos membros do Padroado.

Os ditos acordos serán comunicados e/ou autorizados ante o Protectorado para os efectos de cualificación de legalidade, formalizados en escritura pública e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

[Handwritten signature]
32609504-N

[Handwritten signature]
32640375-N

[Handwritten signature]
32625711-N

[Handwritten signature]
32690655-L

[Handwritten signature]
32607504-N

CLÁUSULA ADICIONAL

O contido destes estatutos non implica limitación ou substitución das competencias que a lexislación vixente atribúe ao Protectorado.

A interpretación do establecido nestes estatutos farase en concordancia coa normativa sectorial, que, así mesmo, será aplicable no non previsto neles.

[Handwritten signature]
32625221-N
[Handwritten signature]
32640375-V

[Handwritten signature]
32690655-L

CH6544438


11/2014




Están as firmas dos comparecentes.-----
Signado. Angel Castelló Vicedo. Rubricado e selado.

ARANCEL NOTARIAL DERECHOS DEVENGADOS Arancel aplicable. números: 2. 4. N° 8°
Concepto CONSTITUCIÓN DE FUNDACIÓN.
Base: TOTAL: (Impuestos excluidos)

É PRIMEIRA COPIA DO SEU ORIXINAL, e a instancia de DON JOSÉ-MARÍA LÓPEZ FERRO, expido copia en dieciséis folios, el presente y los quince posteriores, correlativos en orden y de la misma serie. En AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ o seguinte día do seu outorgamento. DOU FE. -----



Handwritten signature of Angel Castelló Vicedo.



Transmisións, O. Soc e AXD

OFICINA LIQUIDADORA DE FERROL
2015 / 15 / 008 / 02413



Exención ou non suxeito

O presente documento devólvese ó interesado por alegar que o acto ou contrato que contén está exento/non suxeito ó Imposto. Presentou copia que se conserva na Oficina para comprobación da exención/non suxeición alegada, todo isto sen prexuízo de practicar a liquidación ou liquidacións que, no seu caso, procedan.

Data da presentación: 25/05/2015 Número de documento: 600151052808

Selo

O contido deste documento pódese comprobar en www.conselliariadefacenda.es

Código Seguro de Verificación:
6269 C500 ACBB 0265

